

CATRO GALEGOS NOS GOYA



O s galegos non podemos ter q u e i x a despois da última edición dos Goya, xa que catro d e l e s atópanse na nosa terra, ou como ben dixo Mabel Ribera, unha das premiadas, no noso país de Nun-

ca Máis.

Dende logo, o que si está claro é que a gran triunfadora da noite foi a película de Alejandro Amenábar, Mar adentro. A historia do tetrapléxico Ramón Sampedro calou fondo nos corazóns dos españois e levou catorce das

quinze estatuíñas ás que estaba nominada, e tres delas foron para os nosos galegos.

O primeiro foi Tamar Novas, que daba vida ao sobriño do tetrapléxico, na categoría de mellor actor revelación; o segundo foi Celso Bugallo, o irmán de Ramón, como actor de reparto e, a terceira, Mabel Ribera, Manuela, a cuñada de Ramón,



a quen tod o s coñecemos polo seu papel de Balbina na s e r i e P r a t o s

combinados, como actriz de reparto. Pero a noite non rematou aquí para os galegos, porque o cuarto Goya foi o de Julio Fernández (presidente de Filmax) pola



película P3K Pinocho 3000 como mellor filme de animación.

O s galegos podemos estar moi

orgullosos dos nosos actores, que viron reflectido o seu talento nunha gala de tal categoría, ademais de recoñecer que o gañaron competindo, en casos como o de Mabel Ribera, con actrices da talla de Victoria Abril ou Silvia Abascal.

Así que nunca foi tan certa a frase de: "Galicia Calidade".

Seguíde así, gañando éxitos.

Miriam Blanco Rodríguez.B1A

LIBRO DE FAMILIA



O pasado sábado 12-02-05 estreouse a serie Libro de Familia en Melide. Fixeron falta bastantes meses para podela facer. A rodaxe fíxose en Melide, isto foi unha boa propaganda

para a nosa vila, xa que así virá moita máis xente a visitala. Estreouse nunha carpa que puxo o Concello no parque, para presenciar o primeiro capítulo da serie. Alí apareceron todos os actores e actrices, os de Melide e os que non o eran, a directora...

Antes ce comezar, a alcaldesa e a directora pronunciaron unhas palabras. Cando rematou, a xente falaba moi ben da serie, porque lles gustara moito e dicían que era moi boa. A min, persoalmente, gustoume moito, porque se

contaba como era a vida dos nosos avós.

Hai dúas cousas que foron o mellor, o primeiro foron os meus compañeiros que actuaron na película, e o segundo, ver os sitios por onde andamos os de Melide. Nunca crin que nesta vila se ía facer unha serie. Síntome moi orgulloso de que Melide saíra na tele.

O que menos me gustou foi que entre os protagonistas non fora ningún da vila, aínda que si houbo bastante xente de Melide que participou.

Daniel Mato Cella. S3B